

## **Intervención do presidente do Parlamento de Galicia no acto de entrega do XXXIV Premio *Celanova Casa dos Poetas* ao Parlamento de Galicia**

Casa dos Poetas (Celanova), 02-09-2018 // 11.00 h.

- Alcalde de Celanova,
- Ex presidentes do Parlamento,
- Membros da Mesa do Parlamento,
- Presidente da Deputación de Ourense,
- Secretario Xeral de Cultura,
- Portavoces dos Grupos Parlamentarios,
- Deputados e deputadas,
- Membros do Padroado da Fundación,
- Membros da corporación municipal de Celanova,
- Autoridades,
- Señoras e señores:

Moi bo día e, sobre todo, moitas grazas polo premio *Celanova Casa dos Poetas* que hoxe se nos entrega. Agradecemento en nome propio e no de cantos integramos o Parlamento de Galicia, tamén, como non, no de todas as persoas que teñen ocupado un escano ao longo destes case 37 anos de vida da Cámara, representados hoxe aquí pola Asociación de ex deputados que colabora activamente na apertura á sociedade e na difusión do traballo de Cámara, e agradecemento por último aos traballadores e traballadoras do Parlamento de Galicia que día a día poñen o mellor de si mesmos ao servizo do Parlamento e da Comunidade Autónoma.

Un premio compartido, por suposto, cos presidentes e presidentas que me precederon na Presidencia da Cámara galega: Antonio Rosón Pérez, Tomás Pérez Vidal, Victorino Núñez Rodríguez, José María García Leira, Dolores Villarino Santiago e Pilar Rojo Noguera, porque o que aquí se recoñece hoxe con este premio non xurdiu antonte.

Debo dicir que un premio é sempre un estímulo para seguir traballando. Un estímulo que, neste caso, nos obriga a intensificar o noso esforzo nos ámbitos que o galardón reconece.

Compromiso de manter e reforzar o traballo da Cámara no ámbito da cultura galega -mesmo cunha programación cultural propia- que contribúa a enxalzar os nosos sinais de identidade desde unha óptica plural e integradora, que impulse e reconeza o talento dos nosos creadores, que tenda pontes, abra portas e nos axude a albiscar novos horizontes e oportunidades para a Galicia que entre todos edificamos cada día.

Refirome tamén, por suposto, á aposta por abrir o Parlamento ao conxunto das galegas e galegos. A abrírnos á xente e tamén a irmos ao carón da xente.

Parlamento aberto implica poñer todos os medios ao noso alcance para que calquera persoa que o desexe nos poida coñecer e visitar na nosa sede; pero implica tamén que o Parlamento, a través das súas deputadas e deputados, estea presente e se faga visible entre a xente: na rúa, nas empresas, na vida cultural e académica...

Unha apertura que se traduce, ademais, en fórmulas novidasas para facilitar a participación da cidadanía na vida parlamentaria a través de ferramentas como as habilitadas na reforma legal de 2015:

- Maiores facilidades para presentar proposicións de lei de iniciativa popular,
- que a cidadanía poida impulsar proposicións non de lei,
- propoñer preguntas ao Goberno,
- efectuar propostas ou suxestións aos proxectos legislativos en trámite parlamentario a través da web da institución,
- ou facer da transparencia unha actitude que todo o impregne.

Máis unha vez, Galicia foi pioneira e marcou o camiño que poderán seguir outros parlamentos que agora están a implantar medidas similares ás nosas.

Este premio *Celanova Casa dos Poetas*, que amosaremos coma un tesouro prezado no Pazo do Hórreo, reconece tamén a aposta do Parlamento de Galicia por impulsar as relacións coa lusofonía. Esta é unha tarefa tan lóxica como obrigada para a institución, sobre todo despois de ter aprobado por unanimidade a Lei de iniciativa popular Valentín Paz Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

A cultura galega ten, desde sempre, vocación de universalidade, un potencial que desde os poderes públicos estamos obrigados a reforzar, como facemos desde o Parlamento na medida das nosas limitadas posibilidades.

O noso bilingüismo, créanme, é un auténtico tesouro. Falar galego e castelán permítemos comunicarnos cos 500 millóns de castelánfalantes e cos 250 millóns de persoas da comunidade lusófona.

Poucos lugares resultan tan acaídos como Celanova para efectuar esta reflexión. Os que nacemos e medramos nestas terras da raia seca sabemos ben do que falamos, porque o noso concepto de fronteira é diferente ao da maioría. Para nós, a fronteira sempre foi un concepto difuso. Xa o era nos tempos da *longa noite de pedra*, plasmada por Celso Emilio, ao que tiven ocasión de coñecer na casa dos poetas grazas a amizade que tiña con meu pai.

A fronteira, que outros podían interpretar como un límite infranqueable, nós ollámola desde sempre como unha oportunidade, unha prolongación natural de nós mesmos e das nosas familias, herdanza viva da Gallaecia de outrora, anterior á separación política —nunca xeográfica— que no pasado tratou de obrigar galegos e portugueses a viviren de costas.

Sabíao ben Manuel Curros Enríquez, adiantado ao seu tempo en tantas ámbitos, gran amigo da literatura portuguesa e dalgúns dos seus autores. Curros foi, sen ir máis lonxe, o tradutor ao galego dun célebre poema do azoriano Antero de Quental, titulado *Zara* e publicado en 1894 nunha edición políglota en 48 idiomas. Grazas a Curros, o galego, daquela orfo de recoñecemento institucional, situábase ao carón doutros idiomas oficiais, como pode comprobarse na edición facsimilar patrocinada dous anos atrás polo Parlamento de Galicia a partir do orixinal conservado na Fundación Curros Enríquez.

Alguén poderá pensar que se trata dun proxecto editorial illado, de transcendencia limitada, mais a realidade demostra o contrario. Persoalmente, lembro con especial agarimo un correo electrónico que me remitiu naquelas datas un profesor portugués xubilado que, sabedor da existencia desta edición facsimilar, se confesaba reconfortado pola posibilidade de acceder ao facsímile dunha obra cobizada desde antigo.

Amigas e amigos: Recoller un premio de longa e acreditada traxectoria como o *Celanova Casa dos Poetas* éncheme de emoción, pola súa forte carga simbólica, e porque nuns tempos nos que tanto se cuestiona a política, os políticos e as propias institucións, este recoñecemento acredita que hai razóns para a esperanza e que, con todos os seus erros, que debemos esforzarnos en corrixir, o parlamentarismo continúa a ser a esencia da democracia e da convivencia harmónica entre persoas que opinan de maneira diferente.

E tamén porque se nos concede nesta *Celanova* que é patria de escritores e poetas, sempre fonte de inspiración e de sorpresa para calquera que observe o mundo con curiosidade.

Como escribiu o admirado Xosé Luís Méndez Ferrín, «a *Celanova* monacal esborralouse para que a *Celanova* literaria se levantase sobre as súas ruínas».

A sucesión de brillantes literatos orixinarios destas terras non pode considerarse casual, senón que é o resultado lóxico dun contorno no que a historia, a cultura e a economía fluíron e flúen con naturalidade, enriquecendo un caldo de cultivo propicio para o talento creativo.

Permítanme, antes de rematar, unha breve paréntese parar recordar a don Adolfo, o párroco de Vilanova dos Infantes, custodio da Virxe do Cristal, cantada por Curros, asasinado en 2015 sen que ata de agora se teña podido identificar os responsables do crime. A súa xenerosidade sen límites permanecerá para sempre na memoria de cantos tivemos o privilexio de o coñecer. Nunha terra pródiga en talento literario non faltará —estou certo— un autor inspirado que compoña o romance que perpetúe a memoria de don Adolfo.

Señoras e señores:

Remato reiterando como xa sinaliei ao inicio da miña intervención agradecendo este premio que xenerosamente se concede a todos cantos tiveron a hora de ser deputados e deputadas, aos traballadores da Cámara e, por suposto, aos 75 deputados e deputadas que conforman actualmente o Parlamento de Galicia. Un premio que fai que hoxe reiteremos o solemne compromiso de nos esforzar cada día no exercicio da alta representación que nos foi outorgada nas urnas.

Facémolo desde o respecto ás lexitimas diferenzas ideolóxicas que enriquecen o debate, pero facémolo, sobre todo, na procura dunha Galicia mellor. Compromiso solemne e agradecido que teño a honra de reafirmar arestora, desde Celanova, terra de poetas e de boa xente.

Moitas grazas.